

ESTREA EN NUMAX: 16.12.2016 | V.O.S.E. | +12

FICHA TÉCNICA

A comuna (2016, 112')

Dirección: Thomas Vinterberg

Guión: Tobias Lindholm, Thomas Vinterberg

Elenco: Ulrich Thomsen, Trine Dyrholm, Martha Sofie Wallström Hansen, Helene Reingaard Neumann, Lars Ranthe, Fares Fares, Julie Agnete Vang, Lise Koefoed, Adam Fischer, Magnus Millang, Oliver Methling Søndergaard, Rasmus Lind Rubin, Sebastian Grønnegaard Milbrat

Montaxe: Janus Billeskov Jansen, Anne Østerud

Dirección de arte: Anne Oddershede

Vestuario: Ellen Lens

Son: Kristoffer Salting

Música: Fons Merkies

Fotografía: Jesper Tøffner

Produtora: Zentropa Entertainments (Dinamarca)

Distribuidora: Golem

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Dinamarqués

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Lejos del mundanal ruido, 2015

La caza, 2012

Submarino, 2010

Cuando un hombre vuelve a casa, 2007

Querida Wendy, 2005

Celebración, 1998

Héroes, 1996

SINOPSE

En Dinamarca durante os anos 70, un matrimonio moi unido formado por dous mozos académicos decide irse a vivir a unha comuna en Hellerup xunto á súa filla pequena. Alí Erik e Ana descubren as peculiaridades desa vida, que en principio parece idílica, pero que cambia cando a moza amante de Erik se muda tamén con eles.

FESTIVALS

Nomeada aos Premios do Cinema

Europeo (mellor actriz —Trine

Dyrholm—), Berlín 2016 (sección oficial)

«Filme sincrético, capaz de unir a súas dúas linguaxes, a actual e moderna, pero tamén aquel manifesto Dogma95. Estamos ante o retorno dun director brillante»

Luis Henrique Forero Varela
EL ANTEPENÚLTIMO MOHICANO



ACOMUNA

[Thomas Vinterberg, 2016]

«O filme fai a pregunta: por que nada é eterno?»

Entrevista con Thomas Vinterberg
Por Rachel Cooke

En que medida está o teu novo filme inspirado na túa infancia?

Medrei nunha comuna, desde os sete ata os dezanove anos. Cando meus pais se divorciaron preguntáronme se quería ir canda eles, pero eu decidín quedar: poderíase dicir que deixei o niño quedando no niño. Pero o filme é ficción. O meu deseñador de vestuario díxome: «Supoño que isto está baseado nunha emoción real máis que nunha historia real», e quedeime con iso. Naceu como unha obra de teatro en Viena, e a medida que íamos improvisando medrou, facéndose cada vez menos autobiográfica, sobre todo por razóns dramáticas. Na vida real, por exemplo, na comuna nunca terían votado cada decisión. Quedarían debatendo toda a noite, pero iso non tería funcionado nin no escenario nin na pantalla.

Canto influíu a comuna no teu carácter?

Véndoo con retrospectiva, vexo que moitas das miñas decisións teñen que ver coa miña infancia. Encantábame estar na comuna. Se cadra o filme non amosa iso, pero eu gocei moitísimo. Formar parte do Dogma 95 foi moi parecido a estar nunha comuna, e o mesmo fomar parte do equipo dunha película. Se te fixas, moitas das miñas películas —*La caza* é unha delas— analizan o individual en contraste co colectivo.

No filme os cativos actúan como persoas adultas, e ao revés.

Si, e así me sentín a miúdo: como se fose a única persoa responsábel da habitación. Pero teño que dicir que a idea de falarlles aos nenos como se fosen adultos foi boa. Algúns pasáronse, deixando aos nenos sós de máis. Pero respectáronnos.

Observar os teus actores debe traerche moitos recordos.

En realidade confundíame, porque agora teño dúas comunas na miña cabeza. Foi interesante amosar *A Comuna* á comuna. Non podían recoñecerse, porque cambiei moitas cousas, pero aínda así emocionáronse incrivelmente. A segunda metade do

filme é bastante escura, e iso pode entenderse como unha crítica a aqueles tempos, pero para min vai de dúas persoas que deixan de quererse. O filme fai a pregunta: por que nada é eterno? Aqueles tempos nos que amei, e que agora estraño, nunca volverán. O vermello torna azul; o socialismo torna en liberdade individual; a xente deixa de amar, envellece e morre. Eu sigo preguntándolle á miña muller [Helene Reingaard Neumann, que fai o papel de Emma n'*A Comuna*]: por que nada permanece? Non podo entendelo, ou se cadra non podo aceptalo. Sempre pensei que esa xente estaría agardando por mín, elegantes e intelectuais e medio peneques. O filme emerxe dese anhelo.

A película defende o suposto de que é máis duro medrar se es muller que se es un home? Cando o home de Anna, Erik, a deixa por Emma, é como se a vida enteira lle pasase por diante; é substituída por unha versión máis nova de si mesma, e iso acaba con ela. Mentres, Erik simplemente segue adiante.

Esmereime en facer o meu retrato desa muller tratando de entendela, porque son un home. Son culpábel de ter feito o mesmo [como Erik] e téño visto moitas veces. Canto máis vaías ao leste e canto máis vello sexas, máis respecto mereces. No oeste sucede ao revés, e moita dor vén de aí. Hai que ter coidado coas xeralizacións, pero os homes non queren enfrontarse a cousas de sentimentos. As mulleres coas que falei tenden a odiar a Erik, mentres que os homes pónense nerviosos, porque se recoñecen nel.

Que che pareceu o Brexit? Dixeches que Gran Bretaña abandonara a súa comuna particular. Sorprendeute?

Non. Até certo punto entendino. Sempre me pareceu que a UE era problemática. É unha peza dunha maquinaria complexa e cara, enormemente ineficiente. Pero o feito de ter medrado nunha comuna fíxome sentirme triste. É coma se perdésemos o noso irmán maior. Gran Bretaña é o país máis emocionalmente próximo a nós. Isto afectará a Dinamarca seguro. A resistencia á UE está expandéndose aquí. Canto máis forte era a UE, eu máis gana tiña de marchar. Pero agora hai un debilitamento, e quero axudar. Supoño que é como estar no Titanic.

Publicado en www.theguardian.com
Tradución ao galego: Olalla Cocíña

NA LIBRARÍA NUMAX

Las comunas en la contracultura,
Keith Melville. Kairós, 1980

El falansterio, Charles Fourier. Godot, 2009

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME